

LOS CABALLOS MUEREN AL AMANECER

1110

Ione Atenea, 2022

ESTREA EN NUMAX: 22.05.2023 | V.O. | TP | 80 min

Cando Ione, a directora do filme, entra a vivir na casa dos defuntos irmáns García, descobre que as súas vidas continúan latentes nos obxectos que deixaron. Un piano, centos de debuxos, miles de fotos ou un montón de casetes serven para debuxar as personaxes deste filme. Antonio era un debuxante de cómics na editorial Bruguera, Rosita era cantante de ópera e pianista. Xunto co seu irmán Juanito, converteron o seu fogar nun espazo de creación e ficción desde o que escapar da realidade gris da ditadura franquista.

Entre as paredes da súa casa, os García convertéronse en estrelas de cinema clásico, soldados da segunda guerra mundial, gánsters, astronautas, heroínas de ciencia ficción, vaqueiros solitarios nunha eterna viaxe ao oeste...a súa memoria alberga a historia do século XX. Anos máis tarde, xa con novos habitantes, a casa segue sendo un lugar onde a vida pode ser doutro xeito.



Entrevista con Ione Atenea: «Formamos outro tipo de comunidade, que poderíamos chamar tamén familia»

Por Alfonso Rivera

O azar foi fundamental na xestión do teu novo documental, ao atopar casualmente todo ese material? Si, foi un descubrimento, unha sorpresa. Sentino como unha sorte, coa ilusión de acceder a un tesouro: ese mundo e unhas vidas que xa non estaban.

En *Enero* (2019) achegábase ás existencias das túas avoas. Que ten en común aquela cinta con esta? Todos os meus traballos xorden do desexo de documentar unha experiencia vivida, co tema do legado en ambos filmes e a presenza da morte. Son moi distintos, pero tamén posúen elementos comúns.

A familia é un tema compartido en ambos. Ao final o azar formou unha familia entre os protagonistas da miña longa (os irmáns García) e nós, porque compartimos o mesmo espazo, aínda que en tempos diferentes. Eu convértome na herdeira dese legado, pero, dalgunha maneira, tamén é inmaterial, porque se trata da súa historia: son documentos que quedaran orfos e eu decido recollelos.

Con momentos de medo e dúbida ante a intromisión en vidas alleas... Cando cheguei a algúns lugares íntimos desas persoas xa falecidas comecei a sentirme intrusa: sentía que os acababa de coñecer e, cando hai unha conexión deste tipo, pensaba que a eles lles encantaría que contase a súa historia... ou quizais non, pero é algo que non poderei preguntarlles porque están mortos. Pensei se necesitaba permiso. Pero o filme está realizado co máximo respecto e moito cariño, centrándome máis na súa faceta como creadores que nas súas vidas privadas.

Ás veces o espectador pregúntase se os tres irmáns protagonistas non tiveron relacións adultas, se se quedaron ancorados nunha infancia eterna. Eu pensaba moito en *Peter Pan* e tamén en *Alicia no país das marabillas*: había similitudes con estes contos, pos movíanse na fantasía.

O filme é así un híbrido entre o material descuberto e a túa achega persoal. Si, quería evidenciar que era o que poñía eu. Hai filmes maravillosos que confeccionan historias a través de material documental atopado, pero a min apetecíame ser o máis fiel posible ao que encontrei, evidenciando o que eu poñía da miña colleita na historia. Porque hai arquivos persoais que se transmiten de xeración en xeración, pero... que pasa con esas historias cando non hai ninguén que as reciba?

Vemos os protagonistas recreando filmes de xénero polo mero feito de facelo, sen buscar o éxito ou a fama. No teu caso, tamén foi o pracer de recuperar esas historias o teu motor? Totalmente, outra das pontes con eles, algo co que me identifico moito, é a creación como necesidade persoal e unha maneira de pensar nas cousas que me rodean. E, aínda que sufro tamén creando, intento gozar coa creación.

Os García eran unha familia moi unida, como ti e a túa irmá, Marina Lameiro, que aparece tamén no teu filme. A miña irmá é tamén amiga e forma parte da miña comunidade, pois vivimos varias persoas agora nesa mesma casa: formamos outro tipo de comunidade, que poderíamos chamar tamén familia.